

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A S.A.M.I. CATEDRAL DE SANTIAGO PARA O APOIO E REFORZO DA SEGURIDADE NO COMPLEXO CATEDRALICIO.**

Esta memoria redáctase ao abeiro do establecido no artigo 40.2.a) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para acreditar razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou aquelas que xustifiquen a dificultade da súa convocatoria pública, na concesión directa de subvencións para o apoio e reforzo na seguridade do complexo catedralicio.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o departamento da Xunta de Galicia, conforme ao Decreto 214/2020, do 3 de decembro, ao que lle corresponde a execución da política da Xunta de Galicia nas materias, entre outras, de interior e seguridade, así como de Turismo.

A Fundación Catedral Santiago ten entre os seus fins, a promoción, fomento e difusión da Catedral de Santiago de Compostela, o seu entorno e o seu patrimonio artístico e cultural, así como a xestión, explotación e posta en valor das infraestruturas da Catedral de Santiago, o seu entorno e o seu patrimonio artístico e cultural.

A S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela é un singular monumento, que posúe valores históricos, artísticos e culturais de alto interese que a converten nun fito único no marco do patrimonio cultural europeo e que viu recoñecida a súa importancia e valía ao formar parte singular dos bens incorporados á lista do patrimonio mundial da UNESCO: a Cidade Vella de Santiago de Compostela, da que constitúe o seu principal monumento e o Camiño de Santiago do que é meta e obxectivo final de peregrinación. A S.A.M.I. Catedral é un templo de culto católico sito en Santiago de Compostela, que acolle o sepulcro do Apóstolo Santiago, motivo polo cal é un dos principais destinos de peregrinación de Europa.



A consideración deste 2021 como Ano Santo Xacobeo, cunha distancia temporal de once anos con respecto ao anterior (2010), converte ao Xacobeo 2021 nun acontecemento excepcional e de transcendencia global que producirá unha afluencia peregrina moi importante, ligada ao espírito e á celebración do Xacobeo. A isto súmase que, a consecuencia da pandemia xerada pola COVID-19, é imprescindible establecer medidas de coordinación e protección que garanten que o funcionamento da Catedral se desenvolva dun xeito adecuado en aplicación das medidas de seguridade sanitarias.

Con esta previsión de grande afluencia de persoas, requirírase necesariamente un reforzamento das medidas de seguridade en xeral, pero particularmente naqueles lugares do complexo catedralicio onde está prevista unha alta concentración de persoas ao longo do ano.

O obxecto deste convenio é o establecemento das condicións para a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia a Fundación de Catedral de Santiago de Compostela e a S.A.M.I. Catedral de Santiago, para o apoio e reforzo do persoal de seguridade necesario no Complexo Catedralicio (templo e oficina de atención ao peregrino) durante o ano santo Xacobeo 2021.

A actuación de reforzo do persoal de seguridade no templo da Catedral será executada pola Fundación Catedral de Santiago e o reforzo do persoal de seguridade na Oficina do Peregrino será executada pola S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela.

Mediante este convenio de colaboración concédense unhas subvencións directas ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acollida e recepción, nunhas condicións óptimas de seguridade neste Ano Santo Xacobeo 2021, das milleiras de persoas peregrinas que chegarán á Catedral de Santiago, como meta do Camiño de Santiago, e á Oficina de Atención ao Peregrino, como punto de información ao peregrino e para a expedición da Compostela, xustifican o interese público para o outorgamento destas subvencións. Así mesmo, non é posible promover unha concorrencia pública, dada a especialidade do seu obxecto, xa que a Fundación Catedral de Santiago e a S.A.M.I. Catedral son as únicas entidades que poden realizar as actuacións deste convenio no marco da xestión da seguridade do complexo catedralicio. Todo isto xustifica que se acuda ao procedemento de concesión directa de subvencións nos termos establecidos nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos artigos 36.c) e 40.1.a) do seu Regulamento.

O orzamento estimado para as actuacións previstas neste convenio ascende á cantidade de 573.926,27 € , que se distribúen do seguinte xeito:



BENEFICIARIO	CONCEPTO	IMPORTE €
Fundación Catedral de Santiago.	Servizo de vixilancia de seguridade no Templo	402.870,76
	Servizo de auxiliares no Templo.	48.966,26
S.A.M.I Catedral de Santiago de Compostela	Servizo de vixilancia de seguridade na Oficina do Peregrino	41.686,92
	Servizo de auxiliares na Oficina do peregrino	80.402,33
	Total	573.926,27€

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo financiará as actuacións con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212A.480.1, proxecto 2021 00018 “seguridade e protección no Camiño de Santiago polo Ano Santo Xacobeo 2021” cunha achega de 573.926,27 € dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021; achega que se fixa como un importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do orzamento estimado, para os efectos do disposto no artigo 21.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Esta contía constitúe o importe máximo da subvención, quedando por conta das entidades a posible diferenza de financiamento necesario para a execución do obxecto do presente convenio.

Este convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021, considerándose subvencionables os gastos que respondan á actividade subvencionada realizados a partir do 1 de xaneiro de 2021.

Pola propia natureza das actuacións subvencionadas, está xustificada a utilización de pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo ás xustificacións, conforme ao artigo 63.1. Un do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de ata un 80 % sobre os primeiros 18.000 €, e dun 10 % adicional sobre o importe que exceda dos 18.000 €, para cada unha das subvencións. Así mesmo, poderanse realizar pagamentos a conta, conforme ao artigo 62 do devandito Regulamento, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas para cada unha das subvencións.





A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados en cada unha das subvencións. No caso dos pagamentos a conta esta porcentaxe poderá modificarse se así se autoriza polo Consello da Xunta de Galicia, nos termos establecidos no artigo 62.4 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, para acadar o 100% do importe subvencionado, xa que existe unha coincidencia entre do importe total subvencionado e o importe do orzamento total da actuación, e deste xeito axustaríase o seu financiamento parcial ao ritmo de execución das actuacións.

Conforme ao disposto no artigo 65.4.f) do citado Regulamento, a Fundación Catedral de Santiago e a S.A.M.I. Catedral de Santiago están exentas da obriga de prestar garantía en pagamentos anticipados e á conta.

O presente expediente deberá someterse aos informes previstos no artigo 18.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Así mesmo, segundo sinalan os artigos 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 40.3 do seu Regulamento, e a Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a aprobación do convenio requirirá de autorización previa polo Consello da Xunta de Galicia, por ter un importe superior aos 150.000 €.

Ademais, segundo sinala o artigo 62.4 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, é necesaria a autorización do Consello da Xunta de Galicia, para que a porcentaxe dos pagamentos a conta acade o 100% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, e deste xeito axustar o seu financiamento parcial ao ritmo de execución da actuación.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O director xeral de Emerxencias e Interior.

Santiago Villanueva Álvarez

